
IES Sanxillao
Departamento de Debuxo
Programación didáctica
Curso 2019-2020

Educación Plástica, Visual e Audiovisual

3º ESO

Educación plástica, visual e audiovisual

Introdución

O punto de referencia da área de Educación plástica e visual atópase no mundo cotiá das imaxes no que vive o alumnado. A relación dos alumnos coa súa contorna na actualidade, no que a experiencia visual e as múltiples imaxes transmitidas polos medios, forman parte da súa vida cotiá, condiciona a orientación da materia que conforma esta área. Os alumnos, co uso das novas tecnoloxías dos teléfonos móbiles e tabletas, son creadores habituais de imaxes, de mensaxes gráficas e de mensaxes audiovisuais. Compre dotalos das habilidades para empregar de forma axeitada estas ferramentas. O ensino das materias que forman esta área fundaméntase en tres preceptos básicos: *saber ver*, *saber facer* e *saber ser*.

O primeiro concepto, *saber ver*, fai referencia á necesidade de educar a percepción do alumnado. Este non se pode limitar a ser un espectador pasivo da realidade que lle circunda, non debe limitarse a recoller información visual exterior dun xeito irreflexivo, recibindo unicamente impresións subxectivas, emocións e sensacións sen examinar de xeito cualitativo dita información. Ensinando ao alumnado a saber ver, este non só dará unha resposta ao estímulo emocional das imaxes, senón que tamén será capaz de analizarlas obxectivamente, exercendo a súa capacidade intelectual e crítica máis alá do seu gusto persoal. Polo tanto, terá que ser capaz de avaliar a información visual en termos máis obxectivos, chegando a conclusións persoais positivas ou negativas, segundo teña establecida a súa escala de valores. Escala que é preciso que asuma dun xeito responsable e útil.

Temos que ter en conta que o mundo no que se desenvolven o noso alumnado é un mundo no que a información visual é capital, e non podemos deixar que ao rematar a etapa non teña un coñecemento básico desa linguaxe visual, plástica e audiovisual. Compre que aprenda as leis, normas, regras, etc., que configuran a "sintaxe visual" que cada día forma parte da súa existencia. É preciso aclarar tamén neste punto que o coñecemento desas regras e códigos visuais non busca crear analistas de imaxes; a finalidade será contribuir a súa formación estética, cultivando a súa sensibilidade para que poda disfrutar do entorno visual e por suposto dos chamados feitos artísticos.

Este estudo das mensaxes visuais, é imprescindible facelo tanto dende o punto de vista do observador (receptor) como do creador (emisor). Dende o punto de vista do emisor sae o segundo concepto no que se fundamenta esta área: *saber facer*.

Non se trata, por suposto, de facer artistas (nin é o obxectivo nin hai horas lectivas para logralo), senón que temos que ir á procura de que os alumnos sexan capaces de manifestarse con imaxinación e tamén desenvolvan unha actitude creativa e aberta dentro do mundo visual e plástico. Trátase de que o alumno sexa capaz de realizar tanto representacións obxectivas como aquelas que requiran un maior grado de subxectividade. Para que o alumno obteña esta competencia expresiva, compre darlle os coñecementos imprescindibles, non só conceptuais, senón tamén aqueles que lle permitan expresar, sen grandes trabas, todo o seu potencial creativo. Eses coñecementos de procedemento específicos —que condicionan as ideas antes expostas— estarían noutro nivel que abrangue o dominio dos materiais e técnicas precisos para desenvolver as creacións plásticas. Escollendo técnicas sinxelas e prácticas que permitan o desenvolvemento das destrezas, se poden cubrir as posibilidades de expresión e comunicación que o alumno a este nivel educativo poda demandar.

Por último, e non por elo menos importantes, están os aspectos de sensibilidade, respecto, actitude aberta, tolerancia, etc. que integrados dentro do mundo visual e plástico, deben ser asimilados polos alumnos como unha parte máis da súa formación como persoas que viven en sociedade. Este é o terceiro precepto da educación o *saber ser*.

Tendo en conta que a materia de Educación plástica, visual e audiovisual só ten dúas sesións semanais en 1º de ESO, non existe a materia en 2º de ESO e en 3º de ESO son tamén só dúas sesións, rematando nese nivel a formación obrigatoria, non é doado acadar unha gran competencia, chamémoslle "artística", no noso alumnado. Tampouco contamos con agrupamentos específicos nin temos diversificada a nosa materia. O pouco interese que ten a administración pola educación artística do alumnado dá como resultado que moitos adultos deste país carecen dunha mínima competencia gráfico-plástica.

Educación plástica, visual e audiovisual – 3º de ESO

Obxectivos xerais da educación secundaria

A educación plástica, visual e audiovisual contribuirá, segundo define a lexislación actual, a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Máis en concreto os obxectivos específicos desta materia e nivel serán os seguintes:

- Recoñecer a importancia da linguaxe visual e audiovisual nos medios de comunicación.
- Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística.
- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega.
- Sensibilizar ao alumnado ante o goce artístico.
- Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na representación do espazo, empregando a proporción e a perspectiva.
- Planificar e reflexionar individual e colectivamente sobre o deseño dun obxecto.
- Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, distinguindo e valorando erros e acertos.
- Comprender as relacións da linguaxe plástica, visual e audiovisual con outras linguaxes e elixir a fórmula expresiva máis axeitada en función das necesidades de comunicación.
- Analizar e entender as mensaxes visuais e audiovisuais que de xeito constante invaden o noso entorno máis próximo.
- Expresarse con creatividade, mediante as ferramentas da linguaxe plástica, visual e audiovisual, e saber relacionalas con outros ámbitos do coñecemento, con emoción, ideas e sentimentos
- Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
- Utilizar as diversas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplicarlas nas propias creacións.
- Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das cualidades das superficies e o detalle de xeito que sexan eficaces para a comunicación.
- Reflexionar sobre o uso responsable e moderado da rede a valorar o seu potencial como ferramenta de investigación, creación e difusión cun emprego axeitado e planificado.
- Facer uso de hábitos como a observación, atención, precisión e pulcritude, reflexión, análise crítica e revisión nas distintas fases de elaboración dunha obra individual ou colectiva.
- Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo, a colaboración e a comunicación.

Nas táboas que se presentan nas seguintes páxinas se especifican para esta materia e nivel:

Obxectivos por estándares

Contidos

Criterios de avaliación

Estándares de aprendizaxe

Competencias clave que abrangue cada estándar

Didáctica

Metodolóxica

Secuenciación

Temporalización

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Secuenciación Temporalización
Debuxo técnico			
b f g	B3.1. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.	B3.1. Coñecer lugares xeométricos e defínilos.	Trimestre 1º Unidade 1 Fundamentos do debuxo xeométrico 6 sesións
b f n	B3.2. Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.	B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares.	Trimestre 1º Unidade 2 Polígonos 4 sesións
b f n	B3.3. Construción de polígonos regulares dado o lado.	B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado.	
b e f g	B3.4. Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.	B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces.	Trimestre 1º Unidade 3 Tanxencias e enlaces 6 sesións
b e f g	B3.5. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoídes.	B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoíde básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias.	
b f o	B3.6. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoídes.	B3.6. Analizar e estudar as propiedades das tanxencias nos óvalos e nos ovoídes.	
b f g n	B3.7. Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.	B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	

Educación Plástica, Visual e Audiovisual. 1º ciclo de ESO, 3º curso			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Secuenciación Temporalización
b f g n	B3.8. Redes modulares: cadrada e triangular. B3.9. Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.	B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos.	Trimestre 1º Unidade 4 Modulación do plano 4 sesións
b f n o	B3.10. Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivos. Vistas diédricas dun sólido.	B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais.	Trimestre 1º Unidade 5 A tridimensionalidade no plano. Introdución á perspectiva 6 sesións
▪ b ▪ f ▪ n ▪ o	▪ B3.11. Introdución ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.	▪ B3.10. Comprender e practicar o procedemento da perspectiva cabaleira aplicada a volumes elementais.	
▪ b ▪ f ▪ n ▪ o	▪ B3.12. Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.	▪ B3.11. Comprender e practicar os procesos de construción de perspectivas isométricas de volumes sinxelos.	

Expresión plástica			
b c d f g n	B1.1. Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	Trimestre 2º Unidade 6 O proceso creativo 2 sesións
b d f g n	B1.2. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.	
a c d f n	B1.3. A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade. B1.4. O bosquexo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.	B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.	Trimestre 2º Unidade 7 Iconicidade 4 sesións
a c d f n	B1.5. Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. B1.6. Temperatura da cor. B1.7. Simbolismo da cor.	B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	Trimestre 2º Unidade 8 Cor e luz 6 sesións
b c f g n	B1.8. Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.	Todo o curso. Unidade global Técnicas, materiais e soportes artísticos. Unidade transversal técnica, que se desenvolve ao longo de todas as unidades.

Comunicación audiovisual			
a d f	B2.1. Percepción visual. Proceso perceptivo. B2.2. Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.	B2.1. Identificar os elementos e factores que interveñen no proceso de percepción de imaxes.	Trimestre 3º Unidade 9 Percepción e ilusión 8 sesións
a n	B2.3. Ilusións ópticas. B2.4. Leis ou principios da Gestalt.	B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.	
e g o	B2.5. Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.	B2.3. Coñecer os fundamentos da imaxe en movemento e explorar as súas posibilidades expresivas.	
a c d f h	B2.6. Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.	B2.4. Identificar significante e significado nun signo visual.	Trimestre 3º Unidade 10 Lectura da imaxe 6 sesións
a c f h ñ	B2.7. Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. B2.8. Denotación e connotación.	B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	
e l ñ o	B2.9. Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.	B2.6. Analizar e realizar fotografías comprendendo e aplicando os fundamentos desta.	Trimestre 3º Unidade 11 A fotografía 4 sesións
a c d e	B2.10. Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.	B2.7. Utilizar de xeito axeitado as linguaxes visual e audiovisual con distintas funcións.	Trimestre 3º Unidade 12 Comunicación visual e audiovisual 4 sesións

h			
a c d e o	B2.11. Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.	
a c d e o	B2.12. Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.	B2.9. Identificar e empregar recursos visuais como as figuras retóricas na linguaxe publicitaria.	Trimestre 3º Unidade 13 A publicidade 2 sesións
a c d f h i	B2.13. Cine. O cine como medio de comunicación.	B2.10. Apreciar a linguaxe do cine analizando obras de xeito crítico, situándoas no seu contexto histórico e sociocultural, e reflexionando sobre a relación da linguaxe cinematográfica coa mensaxe da obra.	Trimestre 3º Unidade 14 O cine 6 sesións
e g i	B2.14. Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.	B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.	Trimestre 2º Unidade 15 A linguaxe multimedia 4 sesións

3º ESO 1ª Avaluación					Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación					
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identificación Estándar	Competencias clave		Estándares de aprendizaxe avaliados	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos		
					Exames				Traballo práctico individual	Caderno de artista	Observación
	B3.1	B3.1	EPVAB3.1.1.	CCL	Explica verbalmente ou por escrito os exemplos máis comúns de lugares xeométricos (mediatriz, bisectriz, circunferencia, esfera, rectas paralelas, planos paralelos, etc.).	50%	Repartirase equitativamente entre todas as láminas.	20%	60% Cada lámina terá a súa calificación individual e a nota será a media de todas as notas. Valorarase a limpeza, exactitude e puntualidade na entrega das láminas	10% Terase en conta a continuidade do caderno coma diario de artista e a aplicación creativa do contido ó debuxo técnico	10%
	B3.2	B3.2	EPVAB3.2.1.	CCA	Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando clara-mente se é regular ou irregular.	50%					
	B3.3	B3.3	EPVAB3.3.1.	CMCCT	Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.	50%					
	B3.4	B3.4	EPVAB3.4.1. EPVAB3.4.2.	CMCCT CCA	Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.	50%					
	B3.5	B3.5	EPVAB3.5.1.	CMCCT	Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.	50%					
	B3.6	B3.6	EPVAB3.6.1.	CSIEE	Constrúe varios tipos de óvalos e ovoides, segundo os diámetros coñecidos.	50%					
	B3.7	B3.7	EPVAB3.7.1.	CMCCT	Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.	50%					
	B3.8	B3.8	EPVAB3.8.1.	CD	Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.	50%					
	B3.9	B3.9	EPVAB3.9.1.	CMCCT	Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.	50%					
	B3.10	B3.10	EPVAB3.10.1.	CMCCT	Constrúe a perspectiva cabaleira de prismas e cilindros simples, aplicando correctamente coeficientes de redución sinxelos.	50%					
	B3.11	B3.11	EPVAB3.11.1.	CCEC	Realiza perspectivas isométricas de volumes sinxelos, utilizando correctamente a escuadra e o cartabón para o trazado de paralelas.	50%					

3º ESO 2ª Avaliación					Estándares de aprendizaxe	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación						
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identificación Estándar	Competencias clave		Estándares de aprendizaxe avaliados	Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos			
									Exames	Traballo práctico individual	Caderno de artista	Observación
B2.1 B2.2	B2.1	EPVAB2.1.1.	CAA	CAA	Analiza as causas polas que se produce unha ilusión óptica aplicando coñecementos dos procesos perceptivos.	50%	10%	20%	60%	10%	10%	
B2.3 B2.4	B2.2	EPVAB2.2.1. EPVAB2.2.2.	CSC CCEC	CSC CCEC	Identifica e clasifica ilusiones ópticas segundo as leis da Gestalt. Deseña ilusiones ópticas baseándose nas leis da Gestalt.	50%						
B2.6	B2.4	EPVAB2.4.1.	CCL	CCL	Distingue significante e significado nun signo visual.	50%	10%	20%	60%	10%	10%	
B2.7 B2.8	B2.5	EPVAB2.5.1. EPVAB2.5.2.	CCL CCEC	CCL CCEC	Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos. Analiza unha imaxe, mediante unha lectura subxectiva, identificando os elementos de significación, narrativos e as ferramentas visuais utilizadas, sacando conclusións e interpretando o seu significado.	50%						
B2.9	B2.6	EPVAB2.6.1. EPVAB2.6.2.	CCL CD	CCL CD	Identifica encadramentos e puntos de vista nunha fotografía. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.	50%	30%	20%	60%	10%	10%	
B2.10	B2.7	EPVAB2.7.1.	CCL	CCL	Deseña, en equipo, mensaxes visuais e audiovisuais con distintas funcións utilizando diferentes linguaxes e códigos, seguindo de xeito ordenado as fases do proceso (guión técnico, <i>storyboard</i> , realización, etc.), e valora de xeito crítico os resultados.	50%						
B2.11	B2.8	EPVAB2.8.1.	CSC CSC	CSC CSC	Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.	50%	50%	20%	60%	10%	10%	
B2.12	B2.9	EPVAB2.9.1.	CCL	CCL	Deseña unha mensaxe publicitaria utilizando recursos visuais como as figuras retóricas.	50%						
B2.13	B2.10	EPVAB2.10.1.	CCEC	CCEC	Reflexiona criticamente sobre unha obra de cine, situándoa no seu contexto e analizando a narrativa cinematográfica en relación coa mensaxe.	50%	50%	20%	60%	10%	10%	
B2.5	B2.3	EPVAB2.3.1.	CD	CD	Elabora unha animación con medios dixitais e/ou analóxicos.	50%						
B2.14	B2.11	EPVAB2.11.1.	CD	CD	Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.	50%	80%	20%	60%	10%	10%	
B1.8.	B1.5	EPVAB1.5.1. EPVAB1.5.2. EPVAB1.5.3. EPVAB1.5.4. EPVAB1.5.5. EPVAB1.5.6.	CCL CAA CMCCT CA CSIEE CSC	CCL CAA CMCCT CA CSIEE CSC	Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, es-tampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	80%						Son estándares que se evalúan dentro das porcentaxes de cada traballo.

3º ESO 3ª Avaliación					Estándares de aprendizaxe Estándares de aprendizaxe avaliados	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación					
Temas	Identif. contidos	Identif. criterios	Identificación Estándar	Competencias clave		Grao mínimo consecución	Peso na cualificación	Instrumentos			
								Exames	Traballo práctico individual	Caderno de artista	Observación
	B1.1.	B1.1.	EPVAB1.1.1. EPVAB1.1.2.	CAA CSIEE	Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais. Coñece e aplica métodos creativos para a elaboración de deseño gráfico, deseños de produto, moda e as súas múltiples aplicacións.	50%	15%	20%	60%	10%	10%
	B1.2	B1.2	EPVAB1.2.1.	CSIEE	Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.	50%	5%				
	B1.3 B1.4.	B1.3	EPVAB1.3.1.	CCEC	Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosqueños, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.	50%	40%				
	B1.5 B1.6 B1.7	B1.4	EPVAB1.4.1. EPVAB1.4.2. EPVAB1.4.3.	CSIEE CSC	Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.	60%	40%				
	B1.8.	B1.5	EPVAB1.5.1. EPVAB1.5.2. EPVAB1.5.3. EPVAB1.5.4. EPVAB1.5.5. EPVAB1.5.6.	CCL CSIEE CAA CCEC CSC	Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, es-tampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas. Utiliza o papel como material, manipulándoo, resgando ou pregando, creando texturas visuais e táctiles para crear composicións, colaxes matéricas e figuras tridimensionais. Crea co papel recortado formas abstractas e figurativas compóndoas con fins ilustrativos, decorativos ou comunicativos. Aproveita materiais reciclados para a elaboración de obras de forma responsable co medio e aproveitando as súas calidades gráfico-plásticas.	80%	Son estándares que se evalúan dentro das porcentaxes de cada traballo.				

Educación plástica, visual e audiovisual – 3º de ESO**Ficha informativa para o alumnado e familias****Obxectivos**

- Recoñecer a importancia da linguaxe visual e audiovisual nos medios de comunicación.
- Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística.
- Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega.
- Sensibilizar ao alumnado ante o goce artístico.
- Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na representación do espazo, empregando a proporción e a perspectiva.
- Planificar e reflexionar individual e colectivamente sobre o deseño dun obxecto.
- Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, distinguindo e valorando erros e acertos.
- Comprender as relacións da linguaxe plástica, visual e audiovisual con outras linguaxes e elixir a fórmula expresiva máis axeitada en función das necesidades de comunicación.
- Analizar e entender as mensaxes visuais e audiovisuais que de xeito constante invaden o noso entorno máis próximo.
- Expresarse con creatividade, mediante as ferramentas da linguaxe plástica, visual e audiovisual, e saber relacionalas con outros ámbitos do coñecemento, con emoción, ideas e sentimentos
- Utilizar a linguaxe plástica para representar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas..
- Utilizar as diversas técnicas plásticas, visuais e audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación para aplicalas nas propias creacións.

- Representar corpos e espazos simples mediante o uso da perspectiva, as proporcións e a representación das cualidades das superficies e o detalle de xeito que sexan eficaces para a comunicación.
- Reflexionar sobre o uso responsable e moderado da rede a valorar o seu potencial como ferramenta de investigación, creación e difusión cun emprego axeitado e planificado.
- Facer uso de hábitos como a observación, atención, precisión e pulcritude, reflexión, análise crítica e revisión nas distintas fases de elaboración dunha obra individual ou colectiva.
- Relacionarse con outras persoas participando en actividades de grupo con flexibilidade e responsabilidade, favorecendo o diálogo, a colaboración e a comunicación.

Contidos**Bloque 1. Expresión plástica**

- Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño. O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
- A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.
- O bosquejo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.
- Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento. Temperatura da cor. Simbolismo da cor.
- Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.

Bloque 2. Comunicación audiovisual

- Percepción visual. Proceso perceptivo.

- Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.
- Ilusións ópticas. Leis ou principios da Gestalt.
- Imaxe en movemento: posibilidades expresivas.
- Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado.
- Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe. Denotación e connotación.
- Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.
- Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.
- Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.
- Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.
- Cine. O cine como medio de comunicación.
- Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.

Bloque 3. Debuxo técnico

- Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.
- Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.
- Construción de polígonos regulares dado o lado.
- Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias. Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides. Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.
- Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.
- Redes modulares: cadrada e triangular.

- Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.
- Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivos. Vistas diédricas dun sólido.
- Introducción ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.
- Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.

Avaliación

Procedementos de avaliación.

Se fará unha avaliación continuada o longo de todo o proceso didáctico. Ao ser esta unha materia eminentemente procedimental, é fundamental o contacto de cotío co alumno, de xeito que o proceso ensino-aprendizaxe se poda adecuar en cada momento cara a consecución dos obxectivos.

Haberá un seguimento sistematizado do alumno respecto á materia e respecto ao grupo. En concreto os aspectos a ter en conta son:

- Observación periódica.
- Traballos e apuntes, esbozos, probas, etc.
- Emprego dos materiais e medios.
- Axeitamento ao tema proposto.
- Calidade estética.
- Esfuerzo persoal.
- Interese polos aspectos da materia.
- Creatividade.

Tamén se fomentará a autoavaliación coa intención de que o alumno desenvolva os criterios de valoración persoal e externa.

Cualificación

Para obter a cualificación de avaliación de trimestre dun alumno se procederá a calcular a media aritmética coas porcentaxes correspondentes dos exercicios, actividades, etc. que quedan recollidos na programación. Esta será unha parte da cualificación que representa o 80% da nota final. O 20% restante corresponderá aos exercicios de control tipo exame, que se realizarán de xeito individual e con tempo limitado, sendo a duración normal de 50 minutos. A suma das porcentaxes cotrependentes dará a cualificación da avaliación. Tendo en conta que na maior parte dos casos o valor numérico desa cualificación media non é un número enteiro, se procederá ao redondeo por aproximación. Para iso se terá en conta a actitude xeral do alumno, respecto das normas, cumprimento dos prazos de entrega, asistencia regular, puntualidade e o esforzo e interese que o alumno amose de cara a materia. Se valorará positivamente a entrega de calquera traballo antes da data fixada, así como a entrega de exercicios ou traballos voluntarios. Se a data de entrega non fora respetada a cualificación da actividade será modificada, restándolle puntuación en función do número de días de retraso, e tendo asimesmo en conta se hai ou non reiteración. Esta medida é compensatoria; non sería xusto que se cualificará do mesmo xeito un traballo que se fixo no prazo acordado que un que se fixo nun prazo maior. Sendo esta unha materia fundamentalmente procedimental, e tendo en conta que nestes niveis é moi importante dito desenvolvemento práctico, o traballo diario ten unha grande importancia. O sistema de recuperación consistirá na entrega dos traballos e exercicios non entregados ou a repetición daqueles que foran avaliados negativamente. No caso de non entregar un número significativo de exercicios (máis dun tercio do total) ao longo das

avaliacións, e para poder ser avaliado, o alumno terá que realizar unha proba específica tipo exame correspondente a avaliación.

Para achar a cualificación final ordinaria do curso se achará a media aritméticas dos tres trimestres. Se o resultado non é un número enteiro se procederá ao redondeo ao número enteiro superior se a parte decimal e superior a 5. Non se fará o redondeo ao enteiro superior cando a avaliación do terceiro trimestre sexa inferior en 3 puntos respecto da avaliación anterior e sempre que a media aritmética sexa igual ou superior a 5. Tamén poderá facerse o redondeo ao enteiro superior naqueles casos nos que as cualificacións dos tres trimestres sexan progresivas e ascendentes.

O procedemento de avaliación para a avaliación extraordinaria se basará nunha única proba na que se reflectirán os coñecementos dun xeito o máis global posible. Para a obtención da cualificación na convocatoria extraordinaria se procederá, por una parte coa correspondente nota do exame cualificado de 0 a 10, e por outra, se aplicará unha matización en sentido positivo naqueles casos que o alumnado presente traballos feitos no verán. De non obter unha cualificación cun número enteiro se procederá ao redondeo; se a parte decimal é menor ou igual que 5 a cualificación final será igual ao enteiro da nota do exame, se a parte decimal é maior que 5 se redondeará ao enteiro superior superior consecutivo.